

CURSO 2024-25

# Memoria de actividades



## Centro de Estudios Galegos de París

Université Sorbonne Nouvelle

Responsable: Carmen Ballestero de Celis

Lectora: Vanesa Freire Armada



XUNTA  
DE GALICIA



## **1. Introducción**

### **1.1. O Centro de Estudos Galegos na Sorbonne Nouvelle**

O Centro de Estudos Galegos de París está integrado na Université Sorbonne Nouvelle especializada no ámbito das linguas, as literaturas e as culturas estranxeiras. A súa creación responde ao interese por promover o coñecemento da lingua e da cultura galegas no contexto universitario francés e por favorecer a súa presenza nun espazo académico internacional. Trátase da única universidade en todo o país que ofrece estudos de galego.

A actividade docente do centro inscríbese dentro do departamento de estudos ibéricos e latinoamericanos (EILA), formando parte da oferta académica regular da universidade. As materias de lingua, literatura e cultura galegas son accesibles para o alumnado procedente de diferentes titulacións e niveis de formación.

Desde o punto de vista administrativo, estas materias dependen dos servizos encargados da xestión das unidades transversais da universidade, o que garante a súa integración no funcionamento xeral da institución e facilita a coordinación cos distintos departamentos implicados. Actualmente as materias de galego dependen do SEL (*Service des enseignements des langues*) antiguamente chamado BET (*Bureau des enseignements traversaux*).

### **1.2. O lectorado do Centro de Estudos Galegos: presentación e funcións**

O lectorado constitúe o principal instrumento de actuación do Centro de Estudos Galegos e ten como finalidade esencial a promoción e difusión da lingua, a literatura e a cultura galegas tanto no ámbito universitario como no conxunto do seu entorno cultural e social.

As funcións asociadas a este labor son diversas e complementarias. En primeiro lugar, inclúese a docencia universitaria, mediante a impartición de materias orientadas á aprendizaxe da lingua galega e ao coñecemento da súa cultura e literatura. Estas materias están concibidas para un público maioritariamente non galegofalante, polo que se adaptan ás necesidades e características do alumnado internacional.

Xunto á actividade docente, o lectorado desenvolve accións de carácter cultural e divulgativo, co obxectivo de dar a coñecer distintos aspectos da realidade galega contemporánea e do seu patrimonio histórico, literario e cultural. Así mesmo, colabora e apoia iniciativas promovidas por outras institucións académicas e culturais da cidade que teñan afinidade con estes mesmos obxectivos.

Finalmente, o centro mantén unha presenza activa no ámbito dixital, a través da xestión de perfís en redes sociais e doutros espazos virtuais, que funcionan como canles de difusión das súas actividades e como ferramentas para ampliar o alcance da súa acción máis alá da comunidade universitaria. A conta de instagrama conta actualmente con 275 seguidores/as.

## **2. Marco institucional. Novidades do ano 2025**

Durante o curso académico 2024-2025 non se produciron modificacións significativas con respecto ao curso anterior, manténdose sen cambios tanto a estrutura da oferta docente como as condicións xerais de impartición das materias. Pola contra, o inicio do curso

académico 2025-2026 trouxo consigo transformacións relevantes no marco institucional e académico: as materias de lingua galega pasaron a estar abertas ao conxunto das titulacións do campus e entrou en vigor unha nova minor dedicada ás linguas rexionais da península ibérica nas que se inclúe o galego como formación especializada. Esta nova configuración supuxo, por unha banda, a creación dun terceiro nivel de lingua e cultura galegas e, por outra, a supresión da materia específica de cultura galega, que foi substituída por catro novas materias de carácter compartido nas que o galego se integra xunto co catalán e o éuscaro. Estas novas materia versan afondan na literatura, historia, cultura e artes visuais.

Estes cambios supuxeron unha boa nova para o galego, xa que o número de inscricións na materia do nivel de iniciación incrementou significativamente con respecto aos anos anteriores.

### 3. Docencia

O labor docente da lectora variou entre o ano académico 2024-25 e o comezo do curso 2025/26.

#### Semestre I do ano 2024

Durante outubro de 2024 a xaneiro de 2025 a lectora do CEG de París impartiu un total de tres horas semanais de docencia nas materias de *Galego Nivel I* e *Galego Nivel II* nos seguintes horarios:

| Luns                      |              |
|---------------------------|--------------|
| Galego Nivel II [BYEW006] | 9:30 a 11h   |
| Galego Nivel I [BYEW005]  | 11h a 12:30h |

#### Semestre II do ano 2025

Durante xaneiro de 2025 a maio de 2025 a lectora do CEG de París impartiu un total de tres horas semanais de docencia nas materias de *Galego Nivel I* e *Cultura galega 1* nos seguintes horarios:

| Luns                       |              |
|----------------------------|--------------|
| Galego Nivel I [BZEW007]   | 9:30 a 11h   |
| Cultura galega I [BZEW010] | 11h a 12:20h |

A materia *Galego Nivel II* non puido impartirse dado que non houbo estudantes inscritos/as.

#### Semestre I do ano 2025

Durante setembro de 2025 a decembro de 2025 a lectora do CEG de París imparte un total de tres horas semanais de docencia nas materias de *Galego Nivel I* e *Galego nivel II* nos seguintes horarios:

| Luns                       |               |
|----------------------------|---------------|
| Galego Nivel I [JYGAA11]   | 8:00h a 9:30h |
| Galego Nivel III [JYGAB11] | 9:30h a 11h   |

|                           |              |
|---------------------------|--------------|
|                           | Martes       |
| Galego Nivel II [JYGAA21] | 18:30h a 20h |

A materia *Galego Nivel III* non puido impartirse dado que é o primeiro ano que se oferta e non houbo estudantes que cumprisen cos requirimentos para inscribirse (cursar con anterioridade a materia Galego 2 ou estar en posesión dunha certificación oficial de nivel A2 en lingua galega)

Ademais, como parte das materias comúns da mór, a lectora impartiu excepcionalmente catro horas na materia *Literatura das linguas rexionais ibéricas* os mércores de 17h a 19h.

#### 4. Actividades

– **Conferencia «A imaxe que falta, a imaxe que manca»**

A actividade consistiu nunha conferencia realizada pola catedrática da Universidade de Santiago de Compostela Margarita Ledo Andión. A súa ponencia versou sobre o cinema galego actual, as novas investigacións arredor da imaxe e a cinematografía coas que traballa e exposición da súa propia experiencia persoal. O alumnado depois puido facerlle preguntas relacionadas coa súa intervención.

Programación

Data: 9 de decembro de 2024

Lugar: Aula C112A da Universidade Sorbonne Nouvelle (Campus Nation).

Enderezo: 8, av. de Saint-Mandé, París

Horario: das 11:00 ás 12:15 comunicación. Das 12:15 ás 12:30 rolda de preguntas e respostas co alumnado.



– **Proxección do filme «Prefiro condenarme»**

A actividade consistiu na proxección, na versión orixinal en lingua galega con subtítulos en castelán, do filme Prefiro condenarme de Margarita Ledo Andión na sala de cine da Universidade Sorbonne Nouvelle – Paris 3. Esta proxección foi gratuíta para toda aquela persoa que asistiu (cálculase que asistiron unhas 10 persoas e a maioría mulleres). Non se levou un rexistro escrito da asistencia nin tampouco se fixeron enquisas de avaliación do acto. Contamos coa presenza e participación da directora e guionista do filme Margarita Ledo Andión. Que ademais de presentar o filme participou nunha rolda de preguntas abertas dos e das asistentes.



Programación

Data: 10 de abril de 2025

Lugar: Aula BR10 da Universidade Sorbonne Nouvelle (Campus Nation).

Enderezo: 8, av. de Saint-Mandé, París

Horario: Ás 13:00h déuselle a benvida á convidada Margarita Ledo Andión. Ás 13:30h abriuse o acceso á sala de proxeccións e a directora presentou o filme. Ás 14:00h iniciou a proxección do filme que rematou ás 15:30h. A continuación durante 30/40 min levouse a cabo unha entrevista á directora do filme, quen respondeu a todas as cuestións dos/as asistentes.



– **Conferencia «Vigo Noir: un paseo polos escenarios do crime»**

Esta actividade consistiu nunha conferencia realizada pola doutoranda María Blanca Miranda Rodas da Unibersidade de Vigo. A súa intervención consistiu nunha charla divulgadora sobre conexión literaria entre a cidade de Vigo e as novelas policiacas. O alumnado depois puido facerlle preguntas relacionadas coa súa intervención ademais dunha visita a través de imaxes e fragmentos de libros que describen zonas coñecidas da cidade olívica.

Programación

Data: 10 de febreiro de 2025

Lugar: Aula B101 da Universidade Sorbonne Nouvelle (Campus Nation).

Enderezo: 8, av. de Saint-Mandé, París

Horario: Ás 9:00h déuselle a benvida á convidada e a continuación iniciou a súa conferencia. Finalmente o alumnado puido consultar dúbidas e intercambiar ideas coa ponente.



– **Seminario «Autonomía política e autonomía literaria: unha ollada á literatura galega dos ans 80 a través da súa crítica»**

O seminario impartiuño o Doutor Pablo Pesado, investigador do grupo Galabra da Universidade de Santiago de Compostela e do colectivo Clara Corbelhe. Tratou sobre a influencia dos estatutos de autonomía na sociedade actual e sobre como esta ideoloxía política se vía reflectida na crítica literaria do século 80.

Programación

Data: 24 de marzo de 2025

Lugar: Aula B101 da Universidade Sorbonne Nouvelle (Campus Nation).

Enderezo: 8, av. de Saint-Mandé, París

Horario: das 8:00h ás 9:15h comunicación. Das 9:15h ás 9:30h rolda de preguntas e respostas co alumnado.



– **Obradoiro: «A realidade virtual e o seu potencial educativo no contexto galego»**

Esta actividade tivo como obxectivo presentar unha proposta cultural e divulgativa organizada polo Centro de Estudos Galegos de París durante o ano 2025, centrada no uso da realidade virtual como ferramenta educativa para o desenvolvemento da creatividade narrativa e da competencia literaria a partir da biodiversidade e da mitoloxía galega. A actividade consistiu nun coloquio no que se presentou ao alumnado de todos os niveis das aulas de galego unha investigación en curso sobre o deseño e aplicación de contornos virtuais con fins educativos. Ademais dun obradoiro sobre como usar os lentes. Un dos eixes principais foi a presentación dun escenario virtual inspirado nos bosques autóctonos de Galicia, no que se combinan elementos reais de fauna e flora con seres da mitoloxía galega, concibido como espazo de aprendizaxe e estímulo creativo. Durante a experiencia práctica, o alumnado puido probar as lentes de realidade virtual e manifestou no momento un feedback moi positivo, destacando o interese, a capacidade inmersiva da ferramenta e o seu potencial para inspirar a creación de historias propias.





## 5. Conclusión

A nova oferta formativa supuxo un incremento no número de alumnado interesado en cursar as materias de galego. Por este motivo, as actividades culturais tamén tiveron maior participación o que permite nun futuro seguir a organizar actividades extra curriculares.

En xeral, o curso 2024/25 tivo unha bo equilibrio entre actividades culturais e aulas. A elaboración da nova maqueta educativa tamén supuxo a colaboración cos lectores de éuscaro e de catalán. Foi a tarefa que máis tempo de traballo consimiu, ademais da prepafración das aula e das actividades culturais.

O número total de actividades organizadas foi cinco.

